



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA CONSTITUÍDA PARA A COMPRA, POR CONCURSO PÚBLICO, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE CANGAS CON DESTINO A OFICINA DE EMPREGO

ASISTENTES

Presidente: D. Pablo Viaño Lorenzo,
Subdirector xeral do Patrimonio

Vogais:

Dª María del Carmen Rodríguez Mujico,
asesora xurídica da Consellería de Facenda

D. María Teresa Hermo Mato, xefa do servizo
de Fiscalización e Contabilidade da
Intervención Delegado da Consellería de
Facenda

D. Jesús Sanjurjo Paz, subdirector xeral de
Orientación Laboral da Dirección Xeral de
Orientación e Promoción Laboral da
consellería de Economía, Emprego e Industria

Secretario: D. Ignacio Mª García de los
Huertos y Vidal, xefe do Servizo de
Administración e Xestión Patrimonial

En Santiago de Compostela, a 1 de agosto de 2019, sendo as 10:00 horas, reúnen-se na sala de Xuntas do edificio administrativo da rúa Pastoriza, 8, a mesa de contratación composta polos membros que á marxe se relacionan, para a apertura das ofertas económicas do procedemento de compra, por concurso, dun inmoible no concello de Cangas con destino a oficina de Emprego.



Ás 10:00 o Presidente inicia o acto verificando a subsanación dos erro detectado na apertura do sobre A, consistente en falta de compulsa dos documentos achegados.

A continuación o Presidente ordena a apertura do único sobre B recibido coa proposta admitida coa seguinte oferta:

- Abanca Corporación Inmobiliaria, S. L.: Oferta o inmovible situado na Avenida de Lugo, nº 37-39/41-43, en Cangas polo prezo de 231.400,00 € (IVE incluído)

Procédese a examinar a documentación obrante no sobre B das propostas admitidas.

Examinada a documentación presentada por Abanca Corporación Inmobiliaria, SL, observase que:

- as copias achegadas non están compulsadas
- a escritura pública de agrupación e declaración de obra terminada e división en réxime de propiedade horizontal de data 12 de novembro de 2008, que se achega como anexo 6 en condición de estatutos da comunidade de propietarios da finca rexistral nº 26.540, ten as follas desordeadas por non estar numeradas e falta algunha folla.
- Resáltase no título aportado como inmovibles ofertados á venda, bens que non se corresponden coa oferta realizada no anexo II nin coas Notas Simples aportadas do Rexistro da Propiedade.

Á vista do anterior, a Mesa acorda por unanimidade:

- outorgar á licitadora un prazo para subsanar os erros referidos no parágrafo anterior, aclarando no título cales son os inmovibles ofertados;
- Solicitar informe técnico da proposta presentada.

Non tendo máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto ás 10.28 horas, levantándose a presente acta no lugar e data indicados

O presidente

Pablo Viaño Lorenzo

O secretario

Ignacio Garcia de los Huertos

A asesora xurídica

María del Carmen Rodríguez Mujico

Pola Intervención Delegada

María Teresa Hermo Mato

O representante da Consellería
solicitante

Jesús Sanjurjo Paz